



# **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Máster Universitario en Xerontoloxía**

**Curso Académico: 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Plan de Melloras](#)

### Curso 2016-2017

[AM-1 \(Curso 2016-2017\)](#)

[AM-2 \(Curso 2016-2017\)](#)

[AM-3 \(Curso 2016-2017\)](#)

[AM-4 \(Curso 2016-2017\)](#)

### Curso 2017-2018

[AM-1 \(Curso 2017-2018\)](#)

[AM-2 \(Curso 2017-2018\)](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Xerontoloxía
Mencións/Especialidades	Especialidade en Xerontoloxía Clínica Especialidade en Xerontoloxía Social
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Universidade de Santiago de Compostela Universidade da Coruña
Centro responsable	Facultade de Enfermaría
Centro/s onde se imparte	Facultade de Enfermaría (USC) Facultade de Ciencias da Saúde (UDC)
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	90 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	03/03/2009
Data renovación acreditación	11/03/2015

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

#### **1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Continúa manténdose o interese académico e profesional do título que se recollía na Memoria Verificada do Título do ano 2009, que incluso, en moitos aspectos, aumentou.

Establecese na Memoria que o crecente envellecemento da poboación e a carencia de recursos asistenciais supón a necesidade por parte da sociedade de formar profesionais no campo da xerontoloxía e da xeriatría, sendo a Universidade a institución máis adecuada para establecer a debida formación deses profesionais.

Actualmente o envellecemento da poboación ten aumentado na maioría dos países e en concreto en España, e Galicia especialmente. Os recursos asistenciais teñen aumentado significativamente aínda que seguen sendo insuficientes.

O Máster Universitario en Xerontoloxía ven de dar resposta a esa necesidade de formación non so profesionalizante e académica, senón tamén cara a investigación.

Anualmente apróbanse novas guías docentes de cada materia nas que se introducen os cambios e melloras para actualizalo en función dos avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da disciplina e da profesión.

#### **1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Plan de Estudos do Máster foi modificado no ano 2010, pasando de 120 a 90 créditos ECTS. A actual oferta de módulos e materias correspóndese coa memoria vixente do Máster.

As guías docentes do Máster cumpren co establecido na Memoria e cada ano modifícanse tratando de corrixir os posibles desaxustes que poidan existir en relación á consecución das competencias. Son aprobadas polos departamentos con docencia no máster e posteriormente a Xunta de Facultade aproba que son conformes ao establecido na memoria.

O Master non ten curso de adaptación.

Tamaño dos grupos

En Santiago:

A relación (IN31M-PS-01) entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de teoría situouse no curso 2016/2017 en 15,19; situándose a dos grupos de docencia interactiva (IN32M-PS-01) en 14,89.

Na Facultade da Coruña:

Tendo en conta que no mesmo curso os alumnos realizan diferentes programas, é dicir, no que sería o primeiro cuatrimestre estarían os alumnos do módulo común e os alumnos do practicum e TFM e no segundo cuatrimestre únicamente os alumnos da especialidade, os grupos de traballo son dun máximo de 12 persoas (para a matrícula da edición 2016-2017).

Mobilidade

Debido, en gran medida, a duración do título a participación dos alumnos de Máster en programas de mobilidade danos uns datos nulos. Sen embargo, estase a promocionar a participación de alumnado estranxeiro. 3 estudantes extranxeiros no curso 2016/2017.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A coordinación entre Santiago e A Coruña realízase a través da comunicación directa e a través das reunións periódicas da Comisión Seguimento do Máster deixando constancia dos aspectos tratados nas actas das mesmas (Evidencia 5). Lévanse a cabo de xeito presencial semestralmente e virtualmente cada vez que son pertinentes. Existe unha permanente revisión dos programas nas comisións académicas para evitar solapamentos ou baleiros, revisando contidos, as novidades a incorporar e as actividades a desenvolver. Nas comisións interuniversitarias, axústanse os programas das materias comúns, así como os das prácticas e TFM.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Memoria do título establece un perfil preferente de acceso diferente en función da especialidade que faga o estudante. Así para Xerontoloxía Clínica a preferencia é titulados de grao afín ás Ciencias da Saúde e, en segundo lugar, as sociais.

En canto, á especialidade en Xerontoloxía Social a preferencia será a afinidade ás Ciencias Sociais e/ou Xurídicas, e, en segundo lugar, ás Ciencias da Saúde.

Análise de perfil real de ingreso/egreso(Evidencia 3)

Perfil de ingreso segundo a titulación de procedencia

**Oferta de prazas e matrícula**

**Oferta de prazas**

Código	<b>IN01M-PC-05</b>
Nome	<b>Prazas ofertadas</b>
Procedemento de Cálculo	Número de prazas ofertadas para cada curso académico. Achega información sobre a evolución da oferta de prazas asociada a ese título, para a reflexión sobre o proceso de captación de estudantes na USC.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>50</b>	<b>50</b>	<b>50</b>	<b>47</b>
<b>Coruña</b>	<b>40</b>	<b>20</b>	<b>25</b>	<b>40</b>
<b>Total</b>	<b>90</b>	<b>70</b>	<b>75</b>	<b>87</b>

**Matrícula** Número de estudantes matriculados el curso 2016/2017.

En Santiago:

- i. 14 (Practicum e TFM)
- ii. 19 (Materias Comúns e Especialidade Social)
- iii. Total: 33

En Coruña:

- iv. 11 (Practicum e TFM)
- v. 12 (Materias Comúns e Especialidad Clínica)
- vi. Total: 23

**Perfil de Ingreso – Nota media de acceso**

A nota media de acceso en Santiago mantívose practicamente estable nos últimos cursos académicos situándose próximo ao 8, o cal indica que alumnado do Máster é un alumnado moi ben preparado no Grao e que ve no Máster unha continuación na mellora do seu curriculum.

Código	<b>IN06M-PC-05</b>
--------	--------------------

Nome	<b>Nota media de acceso por preinscripción</b>
Procedemento de Cálculo	Nota media de acceso por preinscripción dos estudantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada , informando sobre a nota media de acceso ao título.

	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Total</b>	<b>7,36</b>	<b>7,51</b>	<b>7,45</b>

### Perfil de Ingreso segundo a titulación de procedencia

O perfil de ingreso é de carácter multidisciplinar, facilitando o acceso a alumnos procedentes tanto do ámbito da saúde como do ámbito social.

<b>Centro Santiago</b>		
Titulación	Número	%
Traballo Social	13	39,39%
Enfermaría	8	24,24%
Educación Social	6	18,18%
Psicoloxía	2	6,06%
Fisioterapia	1	3,03%
Relacións Laborais	1	3,03%
Logopedia	1	3,03%
Pedagogía	1	3,03%
Total	33	
<b>Centro da Coruña</b>		
Titulación	Número	%
Terapia Ocupacional	8	34,78%
Logopedia	6	26,09%
Psicoloxía	3	13,04%
Enfermaria	3	13,04%
Medicina	2	8,70%
Economía	1	4,35%
Total	23	

### Perfil de Ingreso segundo o ámbito xeográfico de procedencia

Un punto débil do Máster en Santiago é a captación de estudantes estranxeiros que a partir do curso 15/16 non rexistra ningunha matrícula. Faise necesario programar algunha acción de mellora encamiñada a fomentar esa captación.

No caso da Coruña si que se consegue unha captación de alumnado estranxeiro froito, en boa medida, da solicitude de axudas para a matriculación deste tipo de estudantes.

Código	<a href="#">IN08M-PC-05</a>
Nome	<b>Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados</b>
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming. Aмосa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>2,27</b>	<b>2,94</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>A Coruña</b>	<b>2,56</b>	<b>2,94</b>	<b>8,70</b>	<b>13,04</b>

En canto a captación de alumnado procedente de fóra de Galicia (agás os procedentes de programas de mobilidade) temos unha evolución decrecente no caso de Santiago que se ve compensada pola evolución crecente no caso da Coruña. Se observamos os datos agregados podemos concluír que o Máster é atractivo fora da comunidade autónoma de Galicia.

Código	<a href="#">IN09M-PC-05</a>
Nome	<b>Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados</b>
Procedemento de Cálculo	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming. Aмосa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Santiago</b>	<b>6,82</b>	<b>5,88</b>	<b>3,57</b>	<b>3,03</b>
<b>A Coruña</b>	<b>10,26</b>	<b>8,82</b>	<b>13,04</b>	<b>17,39</b>

### Perfil de Ingreso segundo a Universidade de orixe

En Santiago, o número de estudantes matriculados no Máster que son egresados da USC experimentou un notable incremento con respecto ao curso precedente situándose no 63,64 % dos matriculados.

Código	<a href="#">IN13M-PC-05</a>
Nome	<b>Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC</b>
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes matriculados no máster que son egresados da USC. Aмосa información sobre o perfil de ingreso e sobre a captación do alumnado nese título.

	2015-16	2016-17
<b>Total (%)</b>	<b>39,29</b>	<b>63,64</b>



### Perfil de Egreso

O Máster abre unha vía profesional no ámbito da atención, investigación e intervención do envellecemento, articulando coñecementos das áreas experimentais, sociais e xurídica, humanidades e de ciencias da saúde.

Por outro lado, capacita a profesionais nos ámbitos académico, asistencial e investigador do envellecemento, sendo o seu centro de atención o envellecemento, as persoas maiores e a súa problemática. Neste sentido, os alumnos que o cursan son capaces de realizar unha adecuada atención social e/ou sanitaria ás persoas maiores, de acordo á especialidade realizada, así como xestionar recursos e centros, deseñar programas e poñer en marcha proxectos de investigación.

O perfil obtido polo alumno o capacita para competencias a desenvolver en centros asistenciais, levando a cabo tarefas de coordinación e xestión de recursos, así como de avaliación xeriátrica e xerontolóxica; en concellos, mediante a elaboración e seguimento de diferentes programas asistenciais; e ademais, o capacita para desenvolver tarefas de atención e coidade de maiores.

No campo da atención sanitaria (residencias de maiores, centros de día, ...) pode actuar como coordinador e xestor de recursos do maior atendendo ás necesidades e capacidades do mesmo.

No campo da atención social, e en especial nos concellos, pode traballar como profesional encargado de coñecer as necesidades presentes e futuras do maior e do seu contorno (familia, cuidadores, adaptación ao fogar...) co fin de poñer en marcha as medidas necesarias para paliar estas necesidades. Estará capacitado para a planificación, coordinación, desenvolvemento e validación dos diversos programas asistenciais.

Así mesmo, ao finalizar o Máster, o alumno estará capacitado para formar profesionais que se dediquen á atención ao maior, a calquera nivel, pero coa especial dedicación aos profesionais de atención básico (auxiliares e cuidadores)

Non existen complementos de formación.

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster réxese polas normas xerais da Universidade sobre permanencia, sistema de transferencia e recoñecementos de créditos, etc. e compre co establecido nas mesmas.

En Santiago no curso 2016/2017 modificouse a Normativa do Traballo fin de Máster para adaptala á nova normativa da Universidade.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Pola parte do Centro de Santiago:

O Master de Xerontoloxía conta con tres niveis de información sobre os títulos en canto ao seu programa formativo, o desenvolvemento e os resultados alcanzados.

O primeiro nivel é o publicado na páxina xeral da Universidade, [www.usc.es](http://www.usc.es), dende a cal o estudantes poden acceder a información de calquera título de grao ou master oficial. Especificamente inclúese os seguintes apartados

Información do título, Obxectivos, Competencias e saídas profesionais, Plan de Estudos, Oferta e Admisión e Outra información (TFM, Plan de Acción Titorial e programa de acollida, Prácticas en Empresas, Mobilidade, Normas de permanencia, Normas de Avaliación e Resultados)

Un segundo nivel é o publicado na páxina da Facultade de Enfermaría no que se recollen os vínculos á información dos títulos publicada na páxina xeral da Universidade e se publican outra información relevante como pode ser a relativa ao Traballo Fin de Máster (liñas de investigación,...), as Prácticas en Empresas,...

Dentro deste nivel a información do Máster tamén é publicada no perfil da rede social facebook.

Un terceiro nivel é o publicado no recente creado Blog do Máster. [mastergerontologia.com](http://mastergerontologia.com)

Pola parte do Centro da Coruña:

Existen igualmente tres niveis:

Na propia páxina da Universidade, [www.udc.es](http://www.udc.es), dende a cal os estudantes poden acceder os distintos Mestrados que se ofertan (<http://estudios.udc.es/gl/study/start/491V01>).

Nun segundo nivel está a web da propia Facultade na que se imparte o título (Facultade de Ciencias da Saúde) (<http://www.fcs.udc.gal/p/mestrado-universitario-en-xerontoloxia.html>). Finalmente unha terceira vía é mediante o seguinte enlace, na páxina do GIG ([http://www.gerontologia.udc.es/master\\_gerontologia\\_udc.php](http://www.gerontologia.udc.es/master_gerontologia_udc.php))

A través da existencia destes tres niveis de información garántese un fácil acceso á información do título.

A información publicada nos distintos niveis está permanentemente actualizada e obxectiva e coherente coa contido da memoria, que se atopa, igualmente publicada no apartado de información do título.

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Anualmente, a Comisión do Título e a Comisión de Calidade, a través, principalmente da elaboración do informe de seguimento e a Memoria de Calidade, analiza os resultados do título e os compara co establecido na Memoria. Establecendo as Accións de Mellora que corrixan as diverxencias detectadas. Periodicamente a Comisión de Calidade do Centro réunese para analizar o grao de execución das Accións de Mellora.

As accións de Mellora establecidas acórdanse de xeito coordinado entre os Centros de Santiago e A Coruña a través de reunión periódicas da Comisión do Título.

É, principalmente, a través da análise das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coas taxas de rendemento, éxito e avaliación globais e particulares de cada materia, como se establecen accións de mellora da calidade da ensinanza e o profesado.

O procedemento de suxestión e reclamacións é conforme ao establecido na memoria e ríxese pola Normativa xeral da Universidade.

Existen tres canles para a tramitación das reclamacións:

- A través da Oficina de Análise de Reclamacións
- A través do Valedor da Comunidade Universitaria
- A través do Decanato.

#### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.

- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Periodicamente a Comisión de Calidade (ver Evidencia 5) fai un seguimento do estado de execución das Accións de Mellora, analizando ao finalizalas se foron ou non eficaces. No caso de non ser eficaces establécense novas accións de Mellora.

Tras o proceso de renovación da acreditación do Máster e os informes de seguimento emitidos, establecéronse as accións de mellora encamiñadas a seguir as recomendacións que aparecían nestes informes.

Destas accións de mellora e a súa eficacia dase conta nos Autoinformes de seguimento do Máster e que están publicados nas distintas páxinas web do Máster (Facultade de Enfermaría, na sección de Calidade e Facultade de Ciencias da Saúde na mesma sección.

[http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria\\_stgo/sgic.htm](http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/sgic.htm)

<http://www.fcs.udc.gal/p/calidade.html>

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Comisión de Calidade elabora anualmente a Memoria de Calidade na que se recolle a análise e revisión do Sistema de Garantía de Calidade.

A elaboración, implicación e seguimento de melloras do Sistema de Garantía de Calidade realízase a través da devandita Comisión de Calidade do centro, que na súa composición están representados os distintos grupos de interese (PDI; PAS e Estudantes).

Na actualidade está programada una revisión do SGIC que ven de recollerse no informe de renovación de Acreditación do Grao en Enfermaría, pero que tamén afecta ao resto de títulos impartidos no centro, incluído o Master en Xerontoloxía.

A percepción dos docentes en relación a xestión da calidade é boa, situándose por riba de 3 e próximo a catro nos aspectos da enquisa sobre a mesma, tal e como podemos ver na seguinte taboa:

	Puntuación mínima recibida	Valoración do curso	Taxa de resposta
<b>A información dispoñible en relación coa calidade</b>	1	3,33	100,00%
<b>As canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns</b>	1	3,67	100,00%
<b>As vías de participación na mellora da calidade da titulación</b>	1	3,67	100,00%
<b>A información pública dispoñible sobre a titulación</b>	1	3,50	100,00%

No caso do alumnado a percepción non é boa, situándose por baixo do 2,50. E é este un aspecto que debemos mellorar a través de accións de mellora que o corrigan.

	Puntuación mínima recibida	Valoración do curso	Taxa de resposta	Valoración USC 16/17
<b>As canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns</b>	1	2,00	100,00%	2,92
<b>A información pública dispoñible sobre a titulación</b>	1	2,25	100,00%	3,16

Do mesmo xeito, o Sistema de Xestión Interno de Calidade da Facultade de Ciencias da Saúde, da UDC, no que se imparte a Especialidade Clínica do Mestrado, permite revisar e actualizar de forma sistemática os obxectivos xerais de calidade do centro.

Na Comisión de Seguimento e Garantía de Calidade, formada por representantes de todos os grupos de interés da comunidade universitaria, trabállase co propósito de mellorar a oferta formativa da institución, elaborando políticas e obxectivos de calidade, revisando os mesmos e elaborando as propostas de mellora oportunas.

Na actualidade os principais obxectivos céntranse en favorecer a participación de profesorado, alumnado e PAS nos distintos planos formativos (de docencia e de innovación) da UDC. Realizar o seguimento dos títulos e ter actualizada a Comisión e o Manual de Garantía de Calidade. Asimesmo, traballar nas guías GADU para manter unha oferta actualizada e de calidade.

Nas enquisas de satisfacción cubertas polos alumnos/as de Mestrado valórase de forma moi positiva o título. Os resultados amosan que a media das respostas sobre o grao de satisfacción é de 5,87 sobre 7, destacando especialmente os seguintes ítems: "o título foi interesante e estaba actualizado"; "o profesor demostrou ter coñecemento sobre os temas que foron tratados"; "o traballo que desempeña actualmente está relacionado coa formación recibida" e "o título contribuíu a mellorar a miña formación (profesional, académica ou investigadora)". Todos eles superan o 6 de media.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En Santiago:

O máster conta con 15 profesores dos cales o 93,33 % son doutores. As figuras de Catedrático de Universidade e Titular de Universidade representan o 40 % do persoal do Máster.

Tan só baixou nun efectivo o cadro de profesores con respecto ao establecido na Memoria do Máster o cal non afecta a calidade da docencia.

En canto a experiencia investigadora e docente o profesorado conta con 11 sexenios de investigación e 42 de quinquenios de docencia

Profesorado Curso 2016/217

Categoría	Número	Total (%)	Doutores/as (%)	Horas (%)
Profesional área externa	1	6,67%	–	0,41%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	6,67%	100%	7,73%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	2	13,33%	100%	25,22%
Profesor: Contratado Interino	1	6,67%	100%	5,66%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	1	6,67%	100%	5,52%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	3	20,00%	100%	19,33%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	1	6,67%	100%	7,73%
Profesor: Titular de Universidade	5	33,33%	100%	28,40%
<b>Total</b>	<b>15</b>	<b>100%</b>	<b>93,33%</b>	<b>100%</b>

## Experiencia docente e investigadora

Departamento	Área	Número*	Experiencia Investigadora	Experiencia Docente
Bioquímica e Bioloxía Molecular	[060] Bioquímica e Bioloxía Molecular	1	5	6
Ciencias Morfolóxicas	[027] Anatomía e Embrioloxía Humana	1	0	5
Dereito Común	[130] Dereito Civil	1	1	4
Economía Aplicada	[225] Economía Aplicada	1	2	4
Economía Financeira e Contabilidade	[230] Economía Financeira e Contabilidade	1	0	6
Pedagogía e Didáctica	[805] Teoría e Historia da Educación	3	1	10
Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía	[725] Psicobioloxía	1	1	5
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermería e Medicina	[255] Enfermería	1	1	2
<b>Total</b>		<b>10</b>	<b>11</b>	<b>42</b>

\* Empréganse as categorías que poden ter experiencia docente ou investigadora recoñecida

### En Coruña

Categoría	Número (%)	Doutores	Quinquenios	Sexenios
Catedráticos/as de Escola	5 (29,4)	5	18	5
Catedráticos/as de Universidade	1 (5,9)	1	4	5
Profesores titulares	3 (17,6)	3	12	4
Profesores titulares de Escola	1 (5,9)		3	
Profesores Asociados	4 (23,5)	4		
Contratados doutores	1 (5,9)	1	1	2
Investigador/a Ramón y Cajal	1 (5,9)	1		
Contratado postdoutoral	1 (5,9)	1		
	17 (100%)	16 (94,12)	38	16

A USC pon a disposición do persoal docente e investigado cursos de formación co obxecto de mellor a súa actividade docente. No curso 2016/2017 o 26,67% do persoal con docencia no Máster participou nalgún curso de formación.

A UDC pon a disposición do persoal docente e investigador cursos de formación a través do CUFIE co obxecto de mellorar a súa actividade, cursos nos que participan frecuentemente os profesores do Máster.

### 4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

**PENDENTE POSIBLE MODIFICACIÓN DESTE APARTADO**

O Máster en Xerontoloxía conta co apoio do persoal de apoio da Facultade de Enfermería da USC e da Facultade de Ciencias da Saúde da UDC.

O persoal é suficiente e conta co nivel de cualificación esixido e concorda co establecido na memoria. (Ver Evidencia 16)

Na USC o persoal, aínda que é escaso para o volume de traballo que supón o atender a todas as titulacións da Facultade, saca a diante o traballo do Máster con gran esforzo.

A USC e a UDC contan con programas de formación do Persoal de Administración. A participación no curso 2016/2017 nalgún curso de formación sitúose no 86% no caso da USC e de no que respecta a UDC.



## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
